

## RESOLUCION PRESIDENCIAL

Expediente	2023031918
Asunto	Subvención nominativa á Federación Galega de Balonmán para as Escolas deportivas provinciais de Balonmán
Trámite	Aprobación e compromiso de gasto da subvención nominativa á Federación Galega de Balonmán

O Deputado Delegado, en virtude das facultades delegadas da Presidencia, en aplicación da Resolución Presidencial de 1 de agosto de 2019 (nº rexistro 2019014186) sobre delegación de atribucións da presidenta, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

**Primeiro.-** O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 25 de Novembro de 2022 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da deputación para o exercicio de 2023, na que se inclúe a subvención nominativa a Federación Galega de Balonmán por importe de 65.000,00€ para a realización das escolas deportivas provinciais.

**Segundo.-** Presentada pola Federación Galega de Balonmán (G36690832) por rexistro WEB2023028238 con data 26/04/2023, a solicitude de subvención prevista nominativamente nos orzamentos da Deputación de Pontevedra, para o desenvolvemento das escolas deportivas provinciais por importe de 65.000,00€.

**Terceiro.-** Emitido informe con data 28/04/2023 do servizo de Deportes como órgano instructor no que se acredita que o expediente de petición de subvención que se achega a continuación, reúne os requisitos recollidos na Lei 18/2003, Xeral de Subvencións, así como o establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

**Cuarto.-** Informado favorablemente pola intervención a fiscalización previa á concesión da subvención para o desenvolvemento das escolas deportivas provinciais de Balonmán, levadas a cabo pola Federación Galega de Balonmán con data 05/05/2023.



**RESOLVO:**

Aprobar a subvención prevista nominativamente nos orzamentos da Deputación de Pontevedra á Federación Galega de Balonmán e comprometer o gasto de 65.000,00€, para o desenvolvemento das escolas deportivas de Balonmán, con cargo a aplicación orzamentaria 23/340.3410.489.02 e número de RC 202300093621, que se achegará á Federación de Balonmán mediante transferencia bancaria á conta indicada polo beneficiario. Como se establece na ODXS da Deputación de Pontevedra o poderanse facer pagos anticipados debidamente xustificadas.

Esta Resolución terá o carácter de norma reguladora, establecendo os seguintes termos:

- **Finalidade da subvención:** Fomento e promoción do deporte en idade escolar – Escola Deportiva de Balonmán
- **Entidade beneficiaria da subvención:** Federación Galega de Balonmán. (G36690832)
- **Importe da subvención:** 65.000,00€.
- **Procedemento de concesión:** Concesión directa con consignación nominativa.
- **Prazo de realización ou execución:** Ata o 31/12/2023.
- **Anticipo:** a entidade beneficiaria poderá solicitar pagos anticipados para levar a cabo a posta en marcha e a execución das escolas deportivas, ditos pagos serán da parte proporcional aos meses de execución da actividade (Xaneiro a Maio, e Outubro a Decembro) da subvención concedida, para poder realizar a solicitude do segundo anticipo, o primeiro ten que estar correctamente xustificado, nos termos establecidos na lei 38/2003 de subvencións e na ODXS da Deputación de Pontevedra.
- **Xustificación:** a entidade beneficiaria da subvención deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, de acordo coa memoria e o orzamento presentado coa solicitude cos seguintes CSV:
  - Memoria: LNXNTVIXJMWS5AoM
  - Orzamento: L5NoXW9SRLAFLQP1

O prazo para xustificar é ata o 28 de Febreiro 2024 deberán presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.



Para a xustificación as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

- Xustificación dos gastos:
  - Anexo II- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada.
  - Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos debidamente conformadas.
- Xustificación do cumprimento da finalidade da subvención concedida:
  - Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade.

O beneficiario, de acordo co establecido no art. 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXSDEPPO) publicada no BOPPO núm. 249 de 30/12/2016, estará suxeito ó control financeiro que se poida exercitar, no prazo de catro anos a contar desde o pago da subvención, indicándolle que no caso de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe dos mesmos).

Para o non disposto neste acordo contemplárase o establecido no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Asinado dixitalmente ao marxe.

*Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá vostede interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.*

